

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

RESOLUCIÓN do 22 de maio de 2026, da Dirección Xeral de Cultura, pola que se ordena a publicación da Resolución do 18 de maio de 2026 de concesión de axudas convocadas mediante a Orde do 3 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas ao financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT130A).

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 9, do 15 de xaneiro de 2026, publícase a Orde do 3 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas ao financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT130A).

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras das axudas destinadas á mellora dos arquivos de Galicia, garantindo unha custodia responsable e o acceso dos cidadáns aos documentos e, por outra, a convocatoria das axudas para o ano 2026.

O procedemento de concesión das subvencións será en réxime de concorrência competitiva e conforme os principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación.

De conformidade coa disposición derradeira primeira, apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude na persoa titular da Dirección Xeral de Cultura para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde.

Tal e como establece o artigo 12 da Orde o prazo máximo para ditar e notificar aos interesados a resolución expresa non poderá superar os cinco meses, segundo establece o artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Ademais, en aplicación do artigo 13.6 da orde de convocatoria, a resolución de adxudicación será notificada mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Esta publicación substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos.

Así mesmo, e en aplicación do artigo 12.6, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, <https://www.cultura.gal/gl/>

CVE-DOG: 7enq7n4-q161-lsr2-2in7-utv5scjudcs8



servizos e a través da páxina web do Portal de arquivos de Galicia, <https://arquivosdeg Galicia.xunta.gal>

Unha vez instruído o procedemento e logo da proposta de resolución, con data do 18 de maio de 2026, o órgano competente emite a resolución das subvencións convocadas.

Por todo o exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do contido íntegro da Resolución do 18 de maio de 2026, de concesión de subvencións destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT130A), que se xunta como anexo.

Segundo. Comunicar que a Resolución do 18 de maio de 2026, que finaliza este procedemento, esgota a vía administrativa e contra ela poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Esta resolución tamén poderá ser impugnada directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro. Comunicar que as entidades adxudicatarias propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida, debidamente asinada polo representante da entidade beneficiaria.

Cuarto. Comunicar que a resolución de adxudicación será notificada mediante esta publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Esta publicación substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2026

Anxo M. Lorenzo Suárez
Director xeral de Cultura

CVE-DOG: 7enqf7n4-qj61-lsr2-2in7-utv5scjudcs8



ANEXO

Resolución do 18 de maio de 2026 de concesión de axudas convocadas mediante a Orde do 3 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas ao financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT130A)

Feitos:

1. O 15 de xaneiro de 2026 publícase no DOG a Orde do 3 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas ao financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2026. Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras das axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e, por outra, a convocatoria das axudas para o ano 2026.

A finalidade da axuda é a realización de actividades que teñan por obxecto a descrición de series documentais dos arquivos galegos segundo a metodoloxía arquivística.

2. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, recibíronse un total de 45 solicitudes: 38 de entidades locais e 7 de entidades sen fin de lucro.

Unha vez examinada a documentación e formulados os requirimentos necesarios, a Comisión Técnica de Avaliación evalúa as solicitudes nas xuntanzas do 31 de marzo e 22 de abril de 2026.

3. O 7 de maio de 2026, a Comisión Técnica emite informe de avaliación segundo o regulado no artigo 11.3 da orde de convocatoria, elaborándose as listaxes definitivas de entidades excluídas e admitidas coa puntuación acadada por estas, tendo en conta o límite de crédito establecido na orde.

Fundamentos xurídicos:

1. As bases xurídicas deste procedemento están reguladas pola Orde do 3 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos para a convocatoria do ano 2026 (código de procedemento CT130A).

2. Para o financiamento destas subvencións existe crédito adecuado e suficiente na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026, cunha contía total de cento oitenta e cinco mil euros (185.000,00 €), que se imputarán aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 nas aplicacións orzamentarias 13.03.432A.760.0 (150.000,00 €) e 13.03.432A.781.0 (35.000,00 €).



3. O proxecto obxecto de subvención será cofinanciado entre a entidade solicitante e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. A axuda máxima por beneficiario que concederá a consellería será de 7.000,00 € por proxecto, que en ningún caso poderá exceder o 80 % do orzamento total do proxecto que se vaia realizar.

4. O procedemento para a concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como establece o artigo 10 da orde reguladora, aplicando os criterios de valoración recollidos no artigo 9.

5. Correspóndelle á subdirección xeral competente en materia de arquivos, como unidade instrutora, formular a proposta de resolución motivada das solicitudes, por orde decrecente de puntuación, logo do informe de avaliación emitido pola Comisión Técnica, tal e como establece o artigo 11.4 da orde reguladora.

Con base en todo o anterior e á vista do informe de avaliación da Comisión Técnica de Avaliación,

PROPOÑO:

Primeiro. Conceder as subvencións ás entidades que se relacionan no anexo I e que se divide en dúas epígrafes:

a) Entidades locais que acadan a puntuación necesaria para obter axuda, ordenadas por orde decrecente de puntuación, unha vez aplicados os criterios de valoración e desempate recollidos no artigo 9 da Orde do 3 de decembro de 2025.

b) Entidades privadas sen fin de lucro que acadan a puntuación necesaria para obter axuda, ordenadas por orde decrecente de puntuación, unha vez aplicados os criterios de valoración e desempate recollidos no artigo 9 da Orde do 3 de decembro de 2025.

Segundo. Aprobar a listaxe de entidades que non resultaron adxudicatarias tendo en conta o límite de crédito establecido na orde, entidades que se relacionan no anexo II e que se divide en dúas epígrafes:

a) Entidades locais que non resultaron adxudicatarias, tendo en conta o límite de crédito establecido na orde, ordenadas por orde decrecente de puntuación, unha vez aplicados os criterios de valoración e desempate recollidos no artigo 9 da Orde do 3 de decembro de 2025.

b) Entidades privadas sen fin de lucro que non resultaron adxudicatarias, tendo en conta o límite de crédito establecido na orde, ordenadas por orde decrecente de puntuación, unha vez aplicados os criterios de valoración e desempate recollidos no artigo 9 da Orde do 3 de decembro de 2025.



Terceiro. Aprobar a listaxe de solicitudes excluídas e as causas de exclusión, incluíndo as solicitudes que non se axustan ao obxecto, finalidade e requisitos recollidos nos artigos 1 e 4 da orde, que figuran no anexo III.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2026. M^a del Carmen Calviño Rodríguez, subdirectora xeral de Arquivos e Centros Museísticos.

Logo da proposta da subdirectora xeral de Arquivos e Centros Museísticos e da fiscalización do gasto pola Intervención delegada,

RESOLVO:

A concesión das axudas previstas na Orde do 3 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas ao financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 nos termos expostos con anterioridade.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2026. O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, P.D. (Disposición derradeira primeira da Orde do 3.12.2025; DOG núm. 9, do 15 de xaneiro de 2026), Anxo M. Lorenzo Suárez, director xeral de Cultura.

ANEXO I

a) Listaxe das entidades locais adxudicatarias, ordenadas por orde decrecente de puntuación, unha vez aplicados os criterios de valoración e desempate recollidos no artigo 9 da Orde do 3 de decembro de 2025.

Orde	Nº de expediente	Solicitante	CIF	Puntos	Axuda concedida
1	2026-006	Concello de Baralla	P2703600C	7,75	7.000,00 €
2	2026-030	Concello das Somozas	P1508200A	7,50	6.529,60 €
3	2026-041	Concello de Petín	P3206100D	7,50	5.517,60 €
4	2026-00	Concello de Calvos de Randín	P3201700F	7,25	7.000,00 €
5	2026-007	Concello de Vilar de Barrio	P3209000C	7,00	6.969,60 €
6	2026-008	Concello de Bande	P3200700G	7,00	7.000,00 €
7	2026-024	Concello de Quiroga	P2705000D	7,00	6.776,00 €
8	2026-032	Concello de Fisterra	P1503800C	6,65	5.118,30 €
9	2026-017	Concello de Tomiño	P3605400E	6,63	7.000,00 €
10	2026-019	Concello de Valga	P3605600J	6,50	6.776,00 €
11	2026-022	Concello do Irixo	P3203600F	6,50	6.760,00 €
12	2026-037	Concello de Portas	P3604000D	6,50	6.776,00 €
13	2026-035	Concello da Pobra do Caramiñal	P1506800J	6,00	7.000,00 €



Orde	Nº de expediente	Solicitante	CIF	Puntos	Axuda concedida
14	2026-002	Concello de Rairiz de Veiga	P3206800I	6,00	7.000,00 €
15	2026-021	Concello das Pontes de García Rodríguez	P1507100D	5,65	5.544,82 €
16	2026-042	Concello de Caldas de Reis	P3600500G	5,57	6.253,96 €
17	2026-036	Concello de Carral	P1502100I	5,50	6.776,00 €
18	2026-040	Concello de Gondomar	P3602100D	5,50	3.380,26 €
19	2026-043	Concello de Vilanova de Arousa	P3606100J	5,50	6.776,00 €
20	2026-013	Concello de Val do Dubra	P1508900F	5,33	7.000,00 €
21	2026-028	Concello de Zas	P1509400F	5,15	3.412,20 €
22	2026-029	Concello de Irixoa	P1504000I	5,00	6.400,00 €
23	2026-038	Concello da Baña	P1500700H	5,00	6.776,00 €
24	2026-023	Concello de Noia	P1505800A	4,80	4.457,66 €

b) Listaxe das entidades privadas sen fin de lucro adxudicatarias, ordenadas por orde decrecente de puntuación, unha vez aplicados os criterios de valoración e desempate recollidos no artigo 9 da Orde do 3 de decembro de 2025.

Orde	Nº de expediente	Solicitante	CIF	Puntos	Axuda concedida
1	2026-045	Arcebispado de Santiago de Compostela	R1500020A	6,00	7.000,00 €
2	2026-015	Asociación Cultural Fundación Penzol	G36623171	4,30	2.700,00 €
3	2026-012	Fundación 10 de Marzo	G15338080	3,95	7.000,00 €
4	2026-005	Fundación Isla Couto	G36680437	3,91	5.400,00 €
5	2026-046	Asociación Veciñal, Cultural e Etnográfica San Cibrán	G94020856	3,50	6.959,99 €
6	2026-027	Fundación Luis Tilve	G15169949	3,00	5.940,01 €

ANEXO II

a) Listaxe das entidades locais non adxudicatarias, tendo en conta o límite de crédito establecido na orde, ordenadas por orde decrecente de puntuación, unha vez aplicados os criterios de valoración e desempate recollidos no artigo 9 da Orde do 3 de decembro de 2025.

Orde	Nº de expediente	Solicitante	CIF	Puntos
1	2026-014	Concello de Castroverde	P2701100F	4,76
2	2026-016	Concello de Abegondo	P1500100A	4,76
3	2026-018	Concello de Ribeira	P1507400H	4,62
4	2026-031	Concello de Padrón	P1506600D	4,62
5	2026-010	Concello de Negreira	P1505700C	4,50
6	2026-020	Concello de Camariñas	P1501600I	4,50



Orde	Nº de expediente	Solicitante	CIF	Puntos
7	2026-033	Concello de Pontecesures	P3604400F	4,50
8	2026-044	Concello de Celanova	P3202500I	4,50
9	2026-009	Concello de Viveiro	P2706700H	4,37
10	2026-039	Concello de Chantada	P2701600E	4,09
11	2026-011	Concello de Cambados	P3600600E	3,00
12	2026-026	Concello de Rianxo	P1507300J	2,82

b) Listaxe das entidades privadas sen fin de lucro non adxudicatarias, tendo en conta o límite de crédito establecido na orde, ordenadas por orde decrecente de puntuación, unha vez aplicados os criterios de valoración e desempate recollidos no artigo 9 da Orde do 3 de decembro de 2025.

Orde	Nº de expediente	Solicitante	CIF	Puntos
1	2026-034	Fundación Vicente Risco	G32214850	2,50

ANEXO III

Listaxe de solicitudes excluídas e as causas de exclusión, incluíndo as solicitudes que non se axustan ao obxecto, finalidade e requisitos recollidos nos artigos 1 e 4 da Orde do 3 de decembro de 2025.

Nº de expediente	Solicitante	CIF	Causa de exclusión
2026-001	Concello de Pontearreas	P3604200J	(1) e (2)
2026-025	Concello de Ourense	P3205500F	(3)

⁽¹⁾ Artigo 7.1 «Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta». Non consta acreditación de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

⁽²⁾ Artigo 4.4 «No caso dos entes locais, segundo o artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión de subvencións que cumprisen o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio». Non consta esta remisión.

⁽³⁾ Artigo 1.2 «A finalidade da axuda é a realización de actividades que teñan por obxecto a descrición de series documentais dos arquivos galegos segundo a metodoloxía arquivística». Presenta proxecto para dixitalización de fondos documentais.

CVE-DOG: 7enq7n4-q161-lsr2-2in7-utv5scjucds8

